Exercicios de reforzo ou apoio da unidade 9 sobre a evolución demográfica e as transformacións sociais.
(2ª avaliación, 3ª quincena)

1. Comenta os seguintes gráficos:

A evolución da poboación activa española
1877-1930

Sector	1877	1900	1930
Primario	70,5	70,0	47,2
Secundario	12,5	14,2	25,7
Terciario	16,7	15,6	27,1



2. Constrúe unha frase coherente con sentido histórico relacionando estes conceptos:

1.1. descenso da mortalidade – pataca- migracións- crise de subsistencia

1.2. Fidalguía- clero- sociedade burguesa

1.3. Xornaleiros- pequenos labradores- latifundistas

1.4. Movemento obreiro- 1ª Internacional- Anarquistas

1.5. Servizo doméstico -salario- inmigrantes

3. Completa as seguintes frases:

3.1. No século XIX a poboación española _____ pero en menos medida que os outros países _____, con taxas de _____propias do Antigo Réxime.

3.2. Os factores básicos que reduciron a mortalidade no século XX foron: _____e _____

3.3. As principais realizacións urbanas no século XIX e na primeira metade do século XX foron. _____, as _____ e as _____

3.4. Na segunda metade do século XIX o saldo migratorio foi _____ para España, debido á mellora dos _____ e a desaparición das _____

3.5. A concentración urbana en Galicia deuse na _____ quedando cunha poboación avellentada as cidades de _____e _____

3.6. A nobreza na sociedade de clases perdeu os dereitos _____ pero quedou compensada con _____ que utilizará para mercar _____

3.7. A burguesía nacional estaba formada por _____, _____, _____e _____, que vivían en Madrid

3.8. As primeiras formas de organización obreira nas fábricas foron nos anos _____ e iniciáronse coa mecanización da industria _____

3.9 O dereito de asociación libre para os obreiros foi unha petición redactada por _____, que era do partido _____, na época do _____

3.10. os anarquistas fundaron a _____ no ano _____

3.11. A 1ª Folga Xeral do século XX levouse ca cabo en _____e foi convocada polos sindicatos _____e _____

3.12. Os sectores _____ propoñían como o mais apropiado para as mulleres o traballo _____, tanto nas zonas _____ como nas _____

3.13. Os traballadores non querían ás _____nos sindicatos xa que as vían como _____polos _____ que cobraban

3.14 O movemento feminista iniciouse nas _____ e só pretendía _____as mulleres, non I_____ nos dereitos aos homes

3.15. Os sindicatos agrarios estaban inspirados no _____ e o problema galego era suprimir o _____ e buscar solucións ao _____

3.16. O fundador de Acción Galega foi _____ crego agrarista que apoiou a _____ e chegou a ser _____ en Madrid

3.17.A coeducación era unha novidade dos _____ fronte ao ensino tradicional que a consideraba algo _____

3.18. Ortega e Gasset foi o representante da _____ e era partidario da _____ e dunha alianza cos _____ mentres Azaña era partidario do _____

3.19. A comezos do século XX España era un país de _____: _____ dos homes e as _____ das mulleres

3.20. A educación da muller foi un dos _____ do século XIX e as mulleres que non recibían educación pertencían _____

Solucións:

1. Comentario dos gráficos:
Como se reflicte no seguinte gráfico, a distribución por sectores da economía española en 1977 outorga un claro protagonismo ao sector primario, que reúne a un 70% da poboación activa, fronte a un 12% da poboación dedicada á industria. Estes valores están lonxe dos rexistrados por outros países europeos onde o sector secundario rolda ao redor dun 25%. Por iso España será incapaz de competir no mercado internacional. España só alcanzar valores próximos ao 25% nos anos trinta. Esta distribución tamén ten consecuencias sobre o total do PIB español: a dependencia da agricultura (polo demais, de baixa productividade) impedirá o despegue agrario, afastando a España das economías máis avanzadas.
No segundo gráfico vénse eses datos numérico reflectidos nunha gráfica, na que o sector secundario e terciario corren parellos e o primario vai moi por riba dos anteriores.
Podemos observar tamén o acusado descenso da poboación agraria no primeiro terzo do século XX, que responde á maior industrialización do país, aínda que atrasada se a comparamos co resto dos países europeos.

2. Constrúe unha frase coherente con sentido histórico relacionando estes conceptos:

1.1. descenso da mortalidade – pataca- migracións- crise de subsistencia

O **descenso da mortalidade** no século XIX ten que ver coa introducion masiva no consumo dos españois da **pataca** americana, aínda que a poboación non se librou de **crises de subsistencia** que xunto á **emigración** exterior freou o crecemento da poboación.

1.2. Fidalguía- clero- sociedade burguesa

En Galicia, a **fidalguía** rural era a que vivía nos pazos e recibía rendas forais, das terras que quedaron á marxe das desamortizacións, pero tiña intereses diferentes aos da **burguesía** que era a clase social que defendía a propiedade individual, as novas formas xurídicas e os cartos e o **clero,** a diferencia da nobreza, que se integrou na sociedade burguesa sen maiores dificultades, pasou polas desamortizacións e supresión de décimo, antes de conseguir unha nova situación de preponderancia social sobre novas bases, aínda que a gran distancia da posición que mantiña a principios do século XIX.

1.3. Xornaleiros- pequenos labradores- latifundistas
Na sociedade española do século XIX predominaban os **xornaleiros** que eran campesiños sen terras que , cunhas condicións de vida moi duras, sufrían paro estacional.No sur os **pequenos labradores**, acosados polas débedas e a escasa productividade das terras, ás veces arrendadas, remataron vendéndoas ás grandes **latifundistas** e converténdose en xornaleiros tamén.

1.4. Movemento obreiro- 1ª Internacional- Anarquistas

O **movemento obreiro** estivo condicionado pola evolución da industrialización en España e os contactos coa **1ª Internacional** déronse no Sexenio, na revolución de 1868, cando se estreitan os vínculos coa tendencia anarquista, dado que Bakunin enviara a Fanelli a España para implantar a Internacional. Os **anarquistas** tiveron unha maior implantación entre os obreiros de Cataluña.

1.5. Servizo doméstico -salario- inmigrantes

O **servizo doméstico** continuou a ser o sector que máis mulleres empregou. En 1860 calcúlase que 1 de cada 19 mulleres españolas era criada, e nos inicios do XX superaban en número ás campesiñas. Foi o destino principal das **inmigrantes** que chegaban ás cidades. A falta de lexislación neste campo fixo que as criadas fosen as mulleres con condicións laborais máis miserables. A maioría só recibían roupa usada, comida e cama como pago polo seu traballo, e só acostumaban a recibir un **salario** as serventas "especializadas" das clases altas.

3. Completa as seguintes frases:

2.1. No século XIX a poboación española AUMENTOU pero en menos medida que os outros países EUROPEOS, con taxas de MORTALIDADE proias do Antigo Réxime.

2.2. Os factores básicos que reduciron a mortalidade no século XX foron: MELLORAS NA ALIMENTACIÓN e SANITARIOS

2.3. As principais realizacións urbanas no século XIX e na primeira metade do século XX foron. Os ENSANCHES, as GRANDES VÍAS e as REDES DE SANEAMENTO

2.4. Na segunda metade do século XIX o saldo migratorio foi NEGATIVO para España, debido á mellora dos TRANSPORTES e a desaparición das TRABAS LEGAIS

2.5. A concentración urbana en Galicia deuse na FACHADA ATLÁNTICA quedando cunha poboación avellentada as cidades de LUGO E OURENSE

2.6. A nobreza na sociedade de clases perdeu os dereitos XURISDICCIONAIS pero quedou compensada con TÍTULOS DE DÉBEDA que utilizará para mercar TERRAS DESAMORTIZADAS

2.7. A burguesía nacional estaba formada por HOMES DE NEGOCIOS, BANQUEIROS, INDUSTRIAIS E COMERCIANTES, que vivían en Madrid

2.8. As primeiras formas de organización obreira nas fábricas foron nos anos 30 e iniciáronse coa mecanización da industria TÉXTIL CATALA

2.9 O dereito de asociación libre para os obreiros foi unha petición redactada por PI I MARGALL, que era do partido REPUBLICANO, na época do BIENIO PROGRESISTA

2.10. os anarquistas fundaron a CNT en 1910

2.11. A 1ª folga xeral do século XX levouse ca cabo en 1917 e foi convocada polos sindicatos UGT e CNT

2.12. Os sectores CONSERVADORES propoñían como o mais apropiado para as mulleres o traballo A DOMICILIO, tanto nas zonas RURAIS como nas URBANAS.

2.13. Os traballadores non querían ás MULLERES nos sindicatos xa que as vían como COMPETIDORAS polos SALARIOS BAIXOS que cobraban

2.14 O movemento feminista iniciouse nas CLASES MEDIAS e só pretendía EDUCAR as mulleres, non IGUALALAS nos dereitos aos homes

2.15. Os sindicatos agrarios estaban inspirados no CATOLICISMO SOCIAL e o problema galego era suprimir o SISTEMA FORAL e buscar solucións ao MINIFUNDISMO

2.16. O fundador de Acción Galega era BASILIO ÁLVAREZ, crego agrarista que apoiou a DITADURA DE PRIMO DE RIVERA e chegou a ser DEPUTADO en Madrid

2.17.A coeducación era unha novidade dos INSTITUCIONISTAS fronte ao ensino tradicional que a consideraba algo ANTI-MORAL

2.18. Ortega e Gasset foi o representante da XERACIÓN DO 14 e era partidario da REBELIÓN DAS MASAS e dunha alianza cos CONSERVADORES, mentres Azaña era partidario do ASCENSO DAS MASAS.

2.19. A comezos do século XX España era un país de ANALFABETOS: METADE dos homes e as TRES CUARTAS PARTES das mulleres

2.20. A educación da muller foi un dos DEBATES do século XIX e as mulleres que non recibían educación pertencían ÁS CLASES BAIXAS.